

Ref.: LA2302

RESOLUCIÓN REITORAL, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO 2º CONCURSO PÚBLICO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PERSOAL DOCENTE DE SUBSTITUCIÓN. CURSO ACADÉMICO 2023-2024.

Consonte ao disposto na base 4 da convocatoria do concurso público para a provisión de prazas de profesorado elaboración de listas de agarda de persoal docente de substitución, convocado por esta universidade mediante Resolución do 29 de novembro de 2023 publicada no DOG do 5 de decembro de 2023,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer pública no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo a **relación definitiva de persoas admitidas e excluídas** (lista alfabética e lista por prazas) no concurso público para elaboración de listas de agarda de persoal docente substitución da Universidade de Vigo.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor,
Por delegación (R.R. de 31 de outubro de 2023, DOG do 10 de novembro)
A VICERREITORA DE PROFESORADO E ORDENACIÓN ACADÉMICA,
(asinado dixitalmente)

- Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo

